



# **INFORME SOBRE O PROCESO DE SEGUIMENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER**

**(convocatorias 2011, 2012 e 2013)**

*Edita:*

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n  
 CIFP Compostela 5ª planta  
 15.702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174

E-mail: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)

Página Web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento es propiedad de la ACSUG. Está permitida la reproducción total o parcial del mismo siempre que se cite su título y a la “Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia” como editora.

ACSUG es miembro de pleno derecho de ENQA



ACSUG está incluida en EQAR



ACSUG es miembro de ECA



ACSUG tiene implantado un Sistema de Gestión de la Calidad y del Medio Ambiente certificado por AENOR en las Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. El Sistema de Gestión Medioambiental está verificado positivamente según el Reglamento Comunitario de Ecogestión y Ecoauditoría (EMAS).



ACSUG cumple con la legislación vigente en relación a la protección de datos



**ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. PROCESO DE SEGUIMIENTO .....	5
3. OBJETO E ALCANCE DO SEGUIMENTO.....	7
4. COMISIÓNS DE AVALIACIÓN.....	10
5. CONVOCATORIAS DO PROCESO DE SEGUIMIENTO.....	11
6. RESULTADOS.....	25
7. CONCLUSIÓNS.....	28

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste informe é realizar unha análise do desenvolvemento do proceso de seguimento de títulos das universidades galegas, así como dos resultados obtidos ao longo das tres convocatorias de avaliación de seguimento realizadas por ACSUG. Neste documento se recollen tamén as fases do proceso, os participantes no mesmo, así como os títulos que foron obxecto de seguimento identificando os puntos fortes e áreas de mellora máis comúns.

Tal como recolle o artigo 27 do Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, corresponde á "Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia" (ACSUG), levar a cabo o seguimento do cumprimento do proxecto contido no plan de estudos verificado polo "*Consejo de Universidades*" dos títulos do Sistema Universitario de Galicia (SUG). As axencias de calidade universitaria, en colaboración co Ministerio de Educación e as correspondentes comunidades autónomas, elaborarán conxuntamente un protocolo que incluírá a definición dun mínimo de criterios e indicadores básicos comúns para o procedemento de seguimento de plans de estudo.

Dende o 2008 a "*Red Española de Agencias de Calidad Universitaria*" (REACU) traballou na redacción dun documento "*Recomendaciones para el seguimiento de los títulos oficiales*" coa idea de poñer a disposición, tanto das propias axencias como das universidades, que son as responsables primeiras do seguimento, unha ferramenta de traballo útil que facilite a toma de decisións que lles corresponde para garantir o cumprimento do establecido na norma para o seguimento dos títulos. Este documento desenvolveuse nun marco xeral, froito da colaboración técnica das axencias reunidas na REACU, para asumir as competencias que a lexislación estatal e, no seu caso, as que a autonómica lles confire no relativo ao seguimento dos títulos oficiais.

O 15 de abril de 2010 reuniuse, por primeira vez, a "*Comisión Técnica para el Seguimiento y Acreditación de Títulos Universitarios Oficiales*" (SATUO) co obxectivo de definir o papel que tanto as Universidades, as Axencias de Avaliación, as Comunidades Autónomas, a "*Conferencia General de Política Universitaria*" e o "*Consejo de Universidades*" desempeñarán no proceso de seguimento da implantación das ensinanzas universitarias oficiais. A segunda reunión da SATUO celebrouse o 11 de maio culminando a mesma coa elaboración do "*Protocolo para el proceso de seguimiento de títulos universitarios oficiales*" elaborado a partir do documento da REACU. O 29 de xuño, a comisión aproba o texto definitivo do "*Protocolo para el seguimiento y la renovación de la*

*acreditación de los títulos universitarios oficiales", cambiando, a partir dese momento, a súa denominación pola de "Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación" (CURSA).*


O proceso de seguimento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) adáptase á normativa actual vixente e considera que ter deseñado e implantado nos centros un Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC), é un factor estratéxico básico para conseguir unha mellora continua dos títulos oficiais e para que as competencias, habilidades e aptitudes dos egresados sexan coñecidas polos empregadores e pola sociedade en xeral.

O obxectivo último do seguimento é a mellora dos títulos a través dun procedemento que lles axude a coñecer as súas dificultades, logros e áreas de mellora.

## **2. PROCESO DE SEGUIMIENTO**

O proceso de seguimento dos títulos universitarios oficiais, de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA, leva consigo a realización dunha serie de informes, tanto por parte da universidade como por parte da ACSUG. O proceso recóllese de forma gráfica ao final deste apartado e pode resumirse nas seguintes fases:

- A universidade elabora un informe anual de seguimento de cada un dos títulos implantados, que envía a ACSUG.
- A axencia, a través das comisións de avaliación designadas a tal efecto, analiza o devandito informe e a documentación pública dispoñible de cada título.
- Froito desa análise elabórase un informe provisional de cada un dos títulos obxecto de seguimento que é remitido á universidade para a presentación de alegacións ao seu contido.
- Unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións, a ACSUG elabora e publica os informes finais que son remitidos á Consellaría de Educación e á universidade.
- Finalmente, ACSUG elabora e fai público un informe anual de seguimento do conxunto dos títulos e universidades do SUG.
- Rematada cada convocatoria ACSUG realiza a meta-avaliación do proceso para incluír as melloras oportunas.



ACSUG realiza, como mínimo, un seguimento de cada título dentro do período comprendido entre a implantación deste e o momento en que deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación. Aleatoriamente, poderán ser obxecto de seguimento calquera dos restantes anos.

Como excepción, serán obxecto de seguimento por parte de ACSUG, en todo caso, todos aqueles títulos que, ou ben, no seu informe de verificación aparezan recollidas recomendacións de especial seguimento durante a implantación do título ou ben, porque nos sucesivos informes de seguimento se detecten desviacións que supoñan un grave risco para a calidade mínima esixible do título implantado.

### **3. OBXECTO E ALCANCE DO SEGUIMENTO**

O proceso de seguimento é de aplicación a todos os títulos oficiais implantados nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Este proceso responde aos criterios de verificación e acreditación de títulos oficiais do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, modificado polo do Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, , ao Programa FIDES-AUDIT da ACSUG, ás "Recomendacións para o seguimento dos títulos oficiais" da "Red Española de Agencias de Calidad Universitaria" (REACU), e ao "Protocolo para el seguimiento y la renovación de la acreditación de los títulos universitarios oficiales" da "Comisión Universitaria Reguladora del Seguimiento y la Acreditación" (CURSA).

O seguimento comprende o período que abarca dende o momento da implantación do título ata o momento en que dito título deba someterse á avaliación para renovar a súa acreditación (comezando de novo o ciclo tras dita renovación).

O proceso de seguimento require analizar:

#### **3.1. Información pública que a universidade facilita de cada un dos seus títulos.**

A universidade establece o seu compromiso co proceso de seguimento, facilitando o acceso á información dos seus títulos. Este compromiso concrétase nos seguintes aspectos:

### **3.1.1. Información relevante do título.**

- *Facilitar o acceso público á información relativa ás características máis relevantes da memoria do título verificado e do desenvolvemento do mesmo.* A Universidade debe publicar, na súa páxina Web, a información relevante da memoria do título incluíndo ás actualizacións realizadas e as modificacións aprobadas e autorizadas.

### **3.1.2. Información referida aos indicadores.**

- *Facilitar o acceso público á información referida a un núcleo de indicadores mínimos* que axuden á elaboración do informe anual de seguimento, así como os mecanismos de recollida da información e o análise e interpretación dos valores obtidos.

- *Facilitar o acceso público á información referida aos indicadores incluídos no seu SGIC.*

- *Facilitar o acceso público á información sobre os indicadores de empleabilidade ou inserción laboral dos titulados.* Achegarase información relevante sobre a adecuación entre os obxectivos de aprendizaxe e os requirimentos profesionais. Poderán utilizarse os datos de inserción laboral facilitados pola ACSUG para os graos ou calquera outro obtido dos estudos de inserción laboral realizados polas universidades.

### **3.1.3. Información derivada da implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade.**

- *Facilitar información da aplicación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC).* O sistema permite dispoñer de información sobre o desenvolvemento do título, así coma identificar as problemáticas atopadas e adoitar as decisións oportunas para a súa solución.



### **3.2. Valoración do cumprimento do proxecto establecido e os resultados obtidos, detección de boas prácticas, desviacións e toma de decisións.**

- *Valorar o cumprimento do proxecto establecido.* A valoración final de cada un destes criterios realizarase seguindo unha escala de valoración cualitativa con catro categorías (satisfactorio, suficiente, insuficiente e ausencia de evidencias documentais). Inclúese, ademais, un apartado para incorporar a xustificación (reflexión) de dita valoración.

- *Identificación de boas prácticas e establecemento de propostas de mellora.* Unha vez realizada a valoración e a reflexión de cada un dos criterios, poderanse incluír: boas prácticas detectadas, propostas de mellora, así como, se é o caso, as modificacións que se deben facer no título para poder levar a cabo as melloras establecidas.

- *Facilitar o acceso á información pública dos plans de mellora.* O deseño dun plan de mellora ten como obxectivo a mellora continua da calidade do título e do SGIC. O devandito plan incentiva as modificacións requiridas nos diferentes procesos, para que as universidades impulsen e desenvolvan políticas e mecanismos de mellora continua. No caso de que exista información restrinxida nos plans de mellora, deberá facerse público un resumo dos mesmos coa información relevante para todos os grupos de interese.

### **3.3. Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación e nos sucesivos informes de seguimento.**

- *Incluír, no informe de seguimento, aquelas accións levadas a cabo polo título en relación ao informe final de verificación e, en anos sucesivos, aos informes de seguimento.* Este apartado da resposta á necesidade de revisar, ao longo do proceso de seguimento, aqueles aspectos que figuran nos diferentes informes, como recomendacións obxecto de especial revisión.

O resultado do proceso será "conforme" ou "non conforme" cos propósitos do proceso incluídos no documento de ACSUG "Seguimento de títulos oficiais. 2011", establecidos de acordo coas recomendacións da REACU e da CURSA.

#### 4. COMISIÓNS DE AVALIACIÓN

Para o desenvolvemento deste proceso, a ACSUG conta co apoio de comisións de avaliación formadas por expertos externos de recoñecido prestixio. As devanditas comisións están compostas por vogais académicos alleos á Comunidade Autónoma de Galicia, profesionais dos distintos sectores empresariais, estudantes do SUG e un secretario/a que é persoal técnico da Axencia, seguindo os criterios de nomeamento establecidos, para o efecto, pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

ACSUG nomea unha comisión por rama de coñecemento. Unha vez constituídas, asígnanse os títulos a cada membro en función do seu perfil, valorando, de forma individualizada, cada informe. Unha vez cubertas as plantillas correspondentes, a comisión realiza unha avaliación colexiada de cada título na reunión presencial de consenso que se celebra na Axencia.

Un dos vogais académicos actúa como presidente, e có apoio técnico do secretario, elabora o informe provisional en función dos aspectos debatidos na reunión de consenso.

A táboa 1 amosa a composición das cinco Comisións de Avaliación de Rama.

RAMA	COMISIÓNS DE AVALIACIÓN					TOTAL
	Presidente/a	Vogais académicos	Vogais profesionais	Vogais estudantes	Secretario/a	
Artes e Humanidades	1	2	1	2	1	7
Ciencias	1	3	3	2	1	10
Ciencias da Saúde	1	5	2	2	1	11
Ciencias Sociais e Xurídicas	1	4	1	3	1	10
Enxeñaría e Arquitectura	1	4	3	2	1	11
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>18</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>5</b>	<b>49</b>

Táboa 1: Composición das comisións de avaliación.

As cinco comisións están formadas por un total de **49 persoas**.

## 5. CONVOCATORIAS DO PROCESO DE SEGUIMENTO

Ata o momento, realizáronse tres convocatorias do proceso de seguimento, unha piloto en 2011, 2012 y 2013.

A **táboa 2** amosa o número de títulos sometidos ao proceso de seguimento polas comisións de avaliación, distribuídos por rama de coñecemento, universidade e convocatoria de avaliación.

Na convocatoria 2011 (piloto) realizouse o seguimento de **9 títulos**, na convocatoria 2012 o seguimento de **188 títulos** e na convocatoria 2013 analizáronse **94 títulos**.

Dos **345 títulos** de grao e máster verificados no SUG, ACSUG realizou o **seguimento de 291**, distribuídos segundo se indica na táboa 2.

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POR ACSUG													
RAMA	CICLO	2011				2012				2013			
		UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	0	0	1	1	2	9	5	16	5	8	4	17
	Máster	0	0	0	0	1	7	7	15	2	3	2	7
Ciencias	Grao	0	1	1	2	1	4	4	9	2	3	4	9
	Máster	0	0	0	0	1	12	5	18	0	0	3	3
Ciencias da Saúde	Grao	1	0	0	1	4	2	2	8	4	2	2	8
	Máster	0	0	0	0	3	8	1	12	0	2	0	2
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	1	1	0	2	8	9	5	22	11	8	13	32
	Máster	1	0	1	2	8	16	18	42	1	2	4	7
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	0	0	0	0	8	3	5	16	2	1	1	4
	Máster	0	0	1	1	6	7	17	30	1	3	1	5
<b>TOTAL</b>		<b>3</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>42</b>	<b>77</b>	<b>69</b>	<b>188</b>	<b>28</b>	<b>32</b>	<b>34</b>	<b>94</b>

Táboa 2: Distribución de títulos por convocatoria, universidade, rama de coñecemento e tipo de ensinanza..

Na táboa 3 recóllese o número de títulos obxecto de seguimento en máis dunha convocatoria, sendo a maioría títulos de grao.

TÍTULOS CON VARIOS SEGUIMIENTOS POLA ACSUG					
RAMA	CICLO	UDC	USC	UVI	TOTAL
Artes e Humanidades	Grao	2	8	5	15
	Máster	1	0	0	1
Ciencias	Grao	1	4	4	9
	Máster	0	0	0	0
Ciencias da Saúde	Grao	4	2	2	8
	Máster	0	0	0	0
Ciencias Sociais e Xurídicas	Grao	8	9	4	21
	Máster	1	0	1	2
Enxeñaría e Arquitectura	Grao	2	1	1	4
	Máster	0	0	1	1
<b>TOTAL</b>		<b>19</b>	<b>25</b>	<b>20</b>	<b>61</b>

Táboa 3: Distribución de títulos en máis dunha convocatoria por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensinanza.

No gráfico 1 recóllense os títulos obxecto de seguimento nas tres convocatorias por universidade, ramas de coñecemento e tipo de ensinanza. Como se pode apreciar atópanse distribuídos: UDC (49 graos e 24 másteres), USC (51 graos e 60 másteres) e UVI (47 graos e 60 másteres). Débese ter en conta que se un título é obxecto de seguimento en máis dunha convocatoria, contabilízase en todas aquelas nas que participa.

Obsérvase que se realizou un maior número de seguimentos na rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, estando en consonancia co número de títulos existentes nesta rama no SUG.




Gráfico 1: Distribución de títulos por universidade, tipo de ensinanza e rama de coñecemento obxecto de seguimento nas tres convocatorias.




Gráfico 2: Porcentaxe de títulos obxecto de seguimento por rama de coñecemento.

No gráfico 2 preséntanse as porcentaxes de títulos obxecto de seguimento por rama de coñecemento e por universidade.

Obsérvase novamente que a maior porcentaxe de títulos corresponde á rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas, seguido das ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e Enxeñaría e Arquitectura.




Gráfico 3: Porcentaxe de títulos obxecto de seguimento por universidade

No gráfico 3 preséntanse as porcentaxes de títulos obxecto de seguimento por universidade. Pódese observar que existen porcentaxes similares na USC e UVI. En total, representan UDC (73), USC (101) e UVI (107).

Os gráficos 4, 5 e 6 amosan a porcentaxe de títulos obxecto de seguimento en cada universidade. Na UDC e UVI a porcentaxe maior corresponde aos títulos da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas seguidos polos títulos da rama de Enxeñaría e Arquitectura. No caso da USC a porcentaxe maior corresponde aos títulos da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas seguidos polos títulos da rama de Artes e Humanidades. Estes datos están en consonancia co mapa de titulacións do SUG e co ano de implantación dos títulos.




Gráfico 4: Porcentaxe de títulos avaliados na UDC por rama de coñecemento




Gráfico 5: Porcentaxe de títulos avaliados na USC por rama de coñecemento




Gráfico 6: Porcentaxe de títulos avaliados na UVI por rama de coñecemento

En canto á porcentaxe de títulos obxecto de seguimento distribuídos por rama de coñecemento e tipo de ensinanza, obsérvase no gráfico 7 que na rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura, foron analizados máis máster que graos. Isto débese principalmente a que a maioría dos graos da rama de Enxeñaría e Arquitectura, así como os graos da rama de Ciencias da Saúde foron verificados na convocatoria 2010-2011. Nas restantes ramas foron obxecto de seguimento un maior número de graos que de máster.




Gráfico 7: Porcentaxe de títulos avaliados por rama de coñecemento e por tipo de ensinanza

Nas seguintes táboas se recollen os títulos que participaron no proceso de seguimento distribuídos por universidade, centro de impartición e rama de coñecemento. No caso de títulos interuniversitarios ou intercentros, figuran representados en cada un dos centros onde se imparten.

Na Universidade da Coruña (UDC) participaron no proceso de seguimento 49 títulos de grao e 24 títulos de máster (táboa 4).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Centro	Título	Convocatoria
<b>Artes e Humanidades</b>		
Facultade de Filoloxía	• Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	2012, 2013
	• Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	2013
	• Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	2013
	• Máster en Lingua e Usos Profesionais	2012, 2013
	• Máster en Lingüística Galega	2012
	• Máster en Lingüística e as súas Aplicacións	2012
Facultade de Humanidades	• Grao en Humanidades	2012, 2013
	• Grao en Información y Documentación	2013
	• Máster en Ciencias Documentais no Contorno Dixital	2013
	• Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	2013
<b>Ciencias</b>		
Facultade de Ciencias	• Grao en Química	2012, 2013
	• Grao en Bioloxía	2013
	• Máster en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética	2012
	• Máster en Acuicultura	2012
	• Máster en Neurociencia	2012
	• Máster en Física Aplicada	2012
	• Máster en Biotecnoloxía Avanzada	2013
Facultade de Informática	• Máster en Técnicas Estatísticas	2012
<b>Ciencias da Saúde</b>		
Facultade de Ciencias da Saúde	• Grao en Terapia Ocupacional	2011, 2012
	• Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria	2012
	• Máster en Xerontoloxía	2012
Facultade de Fisioterapia	• Grao en Fisioterapia	2012, 2013
	• Máster en Xestión e Investigación da Discapacidade e a Dependencia	2012
	• Máster en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	2012
Facultade de Enfermería e Podoloxía	• Grao en Enfermería	2012, 2013
	• Grao en Podoloxía	2012, 2013
Escola Universitaria de Enfermería	• Grao en Enfermería	2012, 2013
Facultade de Ciencias da Educación	• Grao en Logopedia	2013
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>		
Facultade de Economía e Empresa	• Grao en Administración e Dirección de Empresas	2012, 2013
	• Grao en Ciencias Empresariais	2013
	• Grao en Economía	2013
	• Máster en Banca e Finanzas	2012



UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Centro	Título	Convocatoria
	• Máster en Xestión e Políticas Públicas	2012
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	• Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	2012, 2013
Facultade de Ciencias da Comunicación	• Grao en Comunicación Audiovisual	2012, 2013
Facultade de Dereito	• Grao en Dereito	2012, 2013
	• Máster en Asesoramento Xurídico-Empresarial	2012
	• Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea	2012
Facultade de Ciencias da Educación	• Grao en Educación Infantil	2012, 2013
	• Grao en Educación Primaria	2013
	• Grao en Educación Social	2013
	• Máster en Innovación, Orientación e Avaliación Educativa	2011, 2012
	• Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	2012
Facultade de Ciencias do Traballo	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2012, 2013
	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2012, 2013
Escola Universitaria de Relacións Laborais	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2012, 2013
Escola Universitaria de Turismo "Centro Español de Novas Profesións"	• Grao en Turismo	2012, 2013
Facultade de Socioloxía	• Grao en Socioloxía	2011, 2012
	• Máster en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural	2012
	• Máster en Metodoloxía da Investigación en Ciencias Sociais: Innovacións e Aplicacións	2013
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>		
Escola Politécnica Superior	• Grao en Enxeñaría Mecánica	2012
	• Máster en Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega"	2013
Escola Universitaria de Deseño Industrial	• Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	2012,2013
Escola Universitaria Politécnica	• Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	2012
Facultade de Informática	• Grao en Enxeñaría Informática	2012
	• Máster en Computación de Altas Prestacións	2013
	• Máster en Enxeñaría Informática	2012
	• Máster en Enxeñaría Matemática	2012
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	• Grao en Enxeñaría de Edificación	2012,2013
	• Máster en Dirección Integrada de Proxectos	2012
Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos	• Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	2012
	• Máster en Enxeñaría da Auga	2012
Escola Técnica Superior de Arquitectura	• Grao en Arquitectura	2012
	• Máster en Rehabilitación Arquitectónica	2012
	• Máster en Urbanismo: Plans e Proxectos. Do Territorio á Cidade	2012
	• Máster en Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega"	2013

UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
Centro	Título	Convocatoria
Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	• Grao en Enxeñaría Mariña	2012

Táboa 4: Distribución de títulos por rama de coñecemento da UDC.

Da Universidade de Santiago de Compostela (USC) participaron no proceso de seguimento 51 títulos de grao e 60 títulos de máster (táboa 5).

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Centro	Título	Convocatoria
<b>Artes e Humanidades</b>		
Facultade de Filoloxía	• Grao en Lingua e Literatura Españolas	2012, 2013
	• Grao en Lingua e Literatura Galegas	2012, 2013
	• Grao en Lingua e Literatura Inglesas	2012, 2013
	• Grao en Filoloxía Clásica	2012, 2013
	• Grao en Linguas e Literaturas Modernas	2012, 2013
	• Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	2012
	• Máster en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura	2012
	• Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	2012
	• Máster en Estudos Ingleses: Tendencias Actuais e Aplicacións	2012
	• Estudo e Edición de Textos Literarios Españois e Latinoamericanos	2013
Facultade de Filosofía	• Grao en Filosofía	2012, 2013
	• Máster en Filosofía: Cuestións Actuais	2012
Facultade de Xeografía e Historia	• Grao en Historia da Arte	2012, 2013
	• Grao en Historia	2012, 2013
	• Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	2013
	• Máster en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos	2012
Facultade de Humanidades	• Máster en Servizos Culturais	2012
	• Lecturas sobre a cidade histórica. Arte, Patrimonio Cultural e a súa Xestión	2013
	• Grao en Lingua e Literatura Españolas	2012, 2013
<b>Ciencias</b>		
Facultade de Matemáticas	• Grao en Matemáticas	2011, 2012
	• Máster en Técnicas Estatísticas	2012
	• Máster en Matemáticas	2012
Facultade de Bioloxía	• Grao en Bioloxía	2012, 2013
	• Máster en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	2012

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Centro	Título	Convocatoria
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Medio Ambiente e Recursos Naturais</li> <li>Máster en Acuicultura</li> <li>Máster en Neurociencia</li> </ul>	2012 2012 2012
Facultade de Física	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Física</li> <li>Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Materiais</li> <li>Máster en Física Nuclear e de Partículas e as súas Aplicacións Tecnolóxicas e Médicas</li> <li>Máster en Enerxías Renovables e Sostenibilidade Enerxética</li> </ul>	2012, 2013 2012 2012 2012
Facultade de Química	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Química</li> <li>Máster en Química Avanzada</li> <li>Máster en Química Orgánica</li> </ul>	2012 2012 2012
Facultade de Farmacia	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Biotecnoloxía</li> </ul>	2012
Ciencias da Saúde		
Facultade de Enfermaría	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Enfermaría</li> <li>Máster en Xerontoloxía</li> <li>Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados</li> </ul>	2012, 2013 2012 2012
Escuela Universitaria de Enfermaría	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Enfermaría</li> <li>Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados</li> </ul>	2012, 2013 2012
Facultade de Psicoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Psicoloxía</li> </ul>	2012, 2013
Facultade de Farmacia	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos</li> <li>Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias</li> </ul>	2012 2012
Facultade de Medicina e Odontoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Investigación Biomédica</li> <li>Máster en Ciencias Odontolóxicas</li> <li>Máster en Saúde Pública</li> </ul>	2012 2013 2013
Facultade de Veterinaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria</li> <li>Máster en Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias</li> </ul>	2012 2012
Facultade de Ciencias	<ul style="list-style-type: none"> <li>Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental</li> </ul>	2012
Ciencias Sociais e Xurídicas		
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Economía</li> <li>Grao en Administración e Dirección de Empresas</li> <li>Máster en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica</li> <li>Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación</li> <li>Máster en Dirección de Empresas</li> <li>Máster en Economía: Organización Industrial e Mercados Financeiros</li> </ul>	2012, 2013 2012, 2013 2012 2012 2012 2012
Facultade de Xeografía e Historia	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio</li> </ul>	2012, 2013
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Administración e Dirección de Empresas</li> <li>Máster en Dirección de Empresas</li> </ul>	2012, 2013 2012
Facultade de Ciencias da	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao en Educación Social</li> </ul>	2012, 2013

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA		
Centro	Título	Convocatoria
Educación	• Grao en Pedagogía	2012, 2013
	• Máster en Educación, Xénero e Igualdade	2012
	• Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario	2012
	• Máster en Investigación en Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática	2012
	• Máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas	2012
	• Máster en Procesos de Formación	2012
Facultade de Ciencias da Comunicación	• Grao en Xornalismo	2012, 2013
	• Grao en Comunicación Audiovisual	2012, 2013
	• Máster en Comunicación e Industrias Creativas	2012
Facultade de Psicoloxía	• Máster en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social	2013
	• Máster en Investigación en Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía	2012
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	• Máster en Xestión Pública	2013
	• Grao en Ciencia Política e da Administración	2011, 2012
Facultade de Formación do Profesorado	• Máster en Profesorado de ESO e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas	2012
Escola Universitaria de Relacións Laborais	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2012, 2013
Facultade de Relacións Laborais	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2012, 2013
	• Máster en Dereito das Administracións e Institucións Públicas	2012
	• Máster en Dereito Privado	2012
Facultade de Dereito	• Máster en Estudos Internacionais	2012
	• Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria	2012
	• Máster en Dereito Privado	2012
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>		
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	• Grao en Enxeñaría Informática	2012,2013
	• Máster en Enxeñaría Ambiental	2012
	• Máster en Enxeñaría de Procesos Químicos e Ambientais	2012
	• Máster en Computación de Altas Prestaciones	2013
Escola Politécnica Superior	• Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural	2012
	• Máster en Industria e Economía Leiteira	2012
	• Máster en Dirección de Proxectos	2012
	• Máster en Investigación Agraria e Forestal	2012
	• Máster en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural	2012
	• Máster en Xestión Sostible da Terra e o Territorio	2013
Facultade de Matemáticas	• Máster en Enxeñaría Matemática	2012
Facultade de Ciencias	• Máster en Enxeñaría industrial	2013
	• Máster en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	2012

Táboa 5: Distribución de títulos por rama de coñecemento da USC.

Da Universidade de Vigo (UVI) participaron no proceso de seguimento 47 títulos de grao e 60 títulos de máster (táboa 6).

UNIVERSIDADE DE VIGO		
Centro	Título	Convocatoria
<b>Artes e Humanidades</b>		
Facultade de Historia	• Grao en Xeografía e Historia	2012, 2013
	• Máster en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais	2012
	• Grao en Belas Artes	2011,2012
Facultade de Belas Artes	• Máster en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	2012
	• Máster en Arte Contemporánea, Creación e Investigación	2013
	• Grao en Tradución e Interpretación	2012, 2013
	• Grao en Estudos de Galego e Español	2012, 2013
Facultade de Filoloxía e Tradución	• Grao en Linguas Estranxeiras	2012, 2013
	• Máster en Artes Escénicas	2012
	• Máster en Lingüística e as Súas Aplicacións	2012
	• Máster en Tradución e Paratradución	2012
	• Máster en Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas	2012
	• Máster en Tradución Multimedia	2013
	• Máster en Edición	2012
	• Máster en Lingüística Galega	2012
<b>Ciencias</b>		
Facultade de Ciencias do Mar	• Grao en Ciencias do Mar	2011, 2012, 2013
	• Máster en Física Aplicada	2012
	• Máster en Oceanografía	2013
Facultade de Bioloxía	• Grao en Bioloxía	2012, 2013
	• Máster en Acuicultura	2012
	• Máster en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	2012
	• Máster en Biotecnoloxía Avanzada	2013
Facultade de Química	• Grao en Química	2012, 2013
	• Máster en Química Avanzada	2012
	• Máster en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	2013
Facultade de Ciencias	• Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	2012, 2013
	• Máster en Ecosistemas Terrestres, Uso Sostenible e Implicacións Ambientais	2012
	• Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	2012
	• Máster en Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático	2012
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	• Máster en Técnicas Estatísticas	2012
<b>Ciencias da Saúde</b>		

UNIVERSIDADE DE VIGO		
Centro	Título	Convocatoria
Facultade de Fisioterapia	• Grao en Fisioterapia	2012, 2013
Escola Universitaria de Enfermaría Povisa	• Grao en Enfermaría	2012, 2013
Escola Universitaria de Enfermaría Meixoeiro	• Grao en Enfermaría	2012, 2013
Escola Universitaria de Enfermaría Pontevedra	• Grao en Enfermaría	2012, 2013
Escola Universitaria de Enfermaría Ourense	• Grao en Enfermaría	2012, 2013
Facultade de Ciencias	• Máster en Nutrición	2012
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>		
	• Grao en Economía	2013
	• Grao en Administración e Dirección de Empresas	2012, 2013
	• Máster en Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente	2012
	• Máster en Economía	2012
Facultade de Económicas e Empresariais	• Máster en Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros	2012
	• Máster en Innovación Industrial e Optimización de Procesos	2012
	• Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible	2012
	• Máster en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	2012
	• Máster en Investigación en Contabilidade e Finanzas	2012
Facultade de Ciencias da Educación	• Grao en Educación Infantil	2012, 2013
	• Grao en Educación Primaria	2013
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	• Grao en Educación Infantil	2012, 2013
	• Grao en Educación Primaria	2013
Escola Universitaria Maxisterio "Maria Sedes Sapientae"	• Grao en Educación Infantil	2012, 2013
	• Grao en Educación Primaria	2013
	• Grao en Educación Social	2013
	• Grao en Traballo Social	2013
	• Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	2012
Facultade de Ciencias da Educación	• Máster en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares	2012
	• Máster en Intervención Multidisciplinar na diversidade de Contextos Educativos	2012
	• Máster para o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	2012
	• Grao en Publicidade e Relacións Públicas	2013
	• Grao en Comunicación Audiovisual	2013
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	• Grao en Dirección e Xestión Pública	2012, 2013
	• Máster en Investigación en Comunicación	2012
	• Máster en Dirección de Arte en Publicidade	2013

UNIVERSIDADE DE VIGO		
Centro	Título	Convocatoria
Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	2013
	• Grao en Dereito	2012, 2013
	• Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	2012
	• Máster en Ordenación Xurídica do Mercado	2012
Facultade en Ciencias Empresariais e Turismo	• Grao en Turismo	2013
	• Grao en Administración e Dirección de Empresas	2012, 2013
	• Máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa	2012
Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	• Máster en Dirección de Arte en Publicidade	2013
Escola de Negocios Novacaixagalicia	• Grao en Administración e Dirección de Empresas	2012
	• Master en Dirección e Administración de Empresas-MBA	2013
Facultade de Dereito	• Grao en Dereito	2012, 2013
	• Máster en Información Técnica do Medicamento	2013
	• Máster en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	2011, 2012
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	• Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	2013
	• Grao en Educación Infantil	2012, 2013
	• Grao en Educación Primaria	2013
	• Máster en Necesidades Específicas de Apoio Educativo	2013
	• Máster en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	2012
	• Máster para o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	2012
Escola Universitaria de Estudos Empresariais	• Máster en Comercio Internacional	2012
	• Grado en Comercio	2012
Facultade de Bioloxía	• Máster para o Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	2012
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>		
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Telecomunicación	• Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	2012
	• Máster en Enxeñaría Telemática	2012
	• Máster en Teoría do Sinal e Comunicacións	2012
	• Máster en Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética	2012
	• Máster en Construción de Procesado da Sinal en Comunicacións	2012
	• Máster en Enxeñaría Matemática	2012
Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas	• Grao en Enxeñaría da Enerxía	2012
	• Máster en Tecnoloxía Medioambiental	2012
	• Máster en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbil	2013
Escola de Enxeñaría Industrial	• Grao en Enxeñaría Mecánica	2012

UNIVERSIDADE DE VIGO		
Centro	Título	Convocatoria
	• Máster en Enxeñaría Térmica	2012
	• Máster en Enxeñaría Química	2012
	• Máster en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	2012
	• Máster en Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	2012
	• Máster en Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	2012
	• Máster en Enxeñaría da Edificación e Construción Industriais	2012
	• Máster en Enxeñaría de Soldadura	2012
	• Máster en Enerxía e Sustentabilidade	2011, 2012
	• Máster en Prevención de Riscos Laborais	2012
	• Máster en Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Suministro	2012
Centro Universitario da Defensa	• Grao en Enxeñaría Mecánica	2012
Escola de Enxeñaría Forestal	• Grao en Enxeñaría Forestal	2012
Escola Superior de Enxeñaría Informática	• Grao en Enxeñaría Informática	2012,2013
	• Máster en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	2012
Facultade de Ciencias	• Máster en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	2012

Táboa 6: Distribución de títulos por rama de coñecemento da UVI.



## 6. RESULTADOS

Neste apartado preséntanse os resultados acadados polos títulos obxecto de estudo nas convocatorias 2011, 2012 e 2013.

No gráfico 8 obsérvase que existe un maior número de conformes en títulos de grao que en títulos de máster, en todas as ramas de coñecemento.




Gráfico 8: Resultados por rama de coñecemento e tipo de ensinanza.

Nas dúas gráficas seguintes observase a evolución dos resultados obtidos en cada convocatoria. Débese de considerar que a convocatoria 2011 foi un proxecto piloto no que participaron tan só nove títulos, polo que os resultados acadados non son significativos á hora de analizar a evolución nas distintas convocatorias.

No gráfico 9 obsérvase un incremento de conformes entre a segunda e a terceira convocatoria, dun 38,3% na convocatoria 2012 ao 76,6% na convocatoria 2013. Moitas das valoracións de non conforme veñen motivadas pola escasa información e reflexión aportada nos autoinformes de seguimento. Isto non implica que os títulos non cumpran cos criterios mínimos de calidade, senón que reflicte unha falta de adecuación dos informes á metodoloxía de seguimento empregada. O incremento de conformes na última convocatoria débese, principalmente, a mellora deste aspecto.




Gráfico 9: Resultados por convocatoria.

No gráfico 10 preséntanse os resultados acadados desagregados por tipo de ensinanza nas dúas últimas convocatorias. Obsérvase que o incremento de conformes entre a segunda e a terceira convocatoria afecta tanto a graos como a másteres; dun 54,9% de conformes en graos (39 de 71) aumenta ao 84,2% (59 de 70); no caso dos másteres, dun 28,20% de conformes (33 de 117) aumenta ao 54,16% (13 de 24).




Gráfico 10: Resultados por tipo de ensinanza nas convocatorias 2012 e 2013.

En canto ás motivacións mais frecuentes dos informes cun resultado final de **non conforme**, destacamos ás seguintes:

- Autoinformes de seguimento idénticos de varios títulos impartidos no mesmo centro.
- Autoinformes de seguimento idénticos do mesmo título en distintas convocatorias.
- A reflexión e información aportada nos autoinformes de seguimento é escasa ou nula na maior parte dos apartados, polo que non é posible realizar unha adecuada valoración do cumprimento do proxecto.

- Autoinformes de seguimento que non aportan datos obxectivos e cuxas afirmacións se poden trasladar a calquera outro título.
- Cando un título se imparte en varios centros/universidades, ausencia de evidencias sobre coordinación intercentros/interuniversidades.
- Falta de resposta ás recomendacións de informes anteriores, cando estas recomendacións eran de especial seguimento.
- Ausencia de propostas de mellora a pesar de detectar numerosos puntos débiles.
- Non se aporta información nin reflexión sobre o desenvolvemento do plan de estudos, das prácticas externas nin do Traballo Fin de Máster.

## 7. CONCLUSIÓNS

Tras o remate destas tres convocatorias de seguimento desenvoltas pola ACSUG, pódense extraer unhas conclusións sobre como se atopa a información pública que as universidades presentan de cada título, así como a adecuación da reflexión e datos aportados por cada un deles. Finalmente, expóñense as conclusións e melloras necesarias no proceso de seguimento de ACSUG.

### 7.1. Información Pública:

- A maioría dos títulos contan con información completa, actualizada e relevante para os distintos grupos de interese. Dita información publícase na web da Universidade, do Centro ou na web propia do Título.
- As **recomendacións** dos informes céntranse na mellora da navegabilidade, co obxectivo de construír unha web máis sinxela e intuitiva, na complementariedade da información aportada sobre un mesmo título nas distintas páxinas web, e na mellora da accesibilidade dos principais resultados do título. En canto á información máis deficitaria resaltar a relacionada cos cursos ponte ou de adaptación e os complementos de formación.
- Entre os **puntos fortes** máis destacables atópanse a publicación, na páxina web, das temáticas dos traballos fin de grao e máster, ademais de proxectos e traballos realizados polos estudantes.
- Como **boas prácticas** destacan a publicación dos Plans de Mellora (transparencia) e o enlace, desde as web, aos organismos ou entidades colaboradoras dos títulos.

## 7.2. Valoración do Cumprimento do Proxecto

- Ao longo das convocatorias detéctase unha mellora na reflexión que cada título realiza sobre a evolución do proxecto, así como na descrición das desviacións detectadas en cada un dos criterios e as propostas de mellora deseñadas para solventalas. Evidénciase tamén un progreso na información que se inclúe no informe sobre a descrición das modificacións realizadas polo título, froito do proceso de seguimento, e a xustificación das mesmas.
- As **recomendacións** centráronse principalmente na necesidade de apoiar a reflexión do desenvolvemento do proxecto en datos obxectivos (resultados das enquisas de satisfacción e taxas de indicadores). Nos informes das dúas primeiras convocatorias incídese na necesidade de detallar con maior precisión as propostas de mellora, recollendo, ademais da acción, o obxectivo da mesma, o período de execución, o responsable, etc., e na última convocatoria indícase a necesidade de recoller o grao de execución das propostas incluídas en informes anteriores.
- Un dos **puntos fortes** a destacar é a reflexión sobre os resultados das diferentes de taxas e a súa evolución
- Como **boas prácticas** destaca a elaboración dun plan de melloras do título onde se inclúen todas as propostas de mellora.

## 7.3. Propostas de Mellora ao proceso de seguimento de ACSUG

- Instar ás universidades para que inclúan nos autoinformes de seguimento información detallada sobre quen fai os informes, como se aproban, etc.
- Revisión e mellora da guía de seguimento introducindo os aspectos clave a considerar en cada un dos criterios.
- Mellora e simplificación dos modelos de informes de ACSUG. Homoxeneización de informes das Comisións de avaliación.
- Mellorar a revisión de aspectos transversais aos títulos impartidos nun mesmo centro e que son revisados por diferentes comisións.
- Axustar os prazos de emisión de informes entre as diferentes comisións de avaliación.
- Mellorar a ferramenta de avaliación que empregan as comisións.